

Texto e ilustracións: **LEO LIONNI**

Tradución: **XOSÉ M. GONZÁLEZ BARREIRO**

Encadernado en cartón. 22x30 cm.

40 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

- Galego: "Frederick". Tras os Montes. ISBN 978-84-8464-502-3
- Castelán: "Frederick". Libros para Soñar. ISBN 978-84-933759-1-1
- Catalán: "Frederick". Kalandraka. ISBN 978-84-8464-550-4
- Euskera: "Frederick". Amets Egiteko Liburuak. ISBN 978-84-8464-506-1
- Portugués: "Frederico". Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-30-9


Prezo: 15 €

## FREDERICK

**"E ti, por que non traballas, Frederick?", preguntábanlle os demais.**

**"Eu traballo", respondíalles Frederick.**

**"Apaño raios de sol para os fríos días do inverno".**



Unha familia de ratiños recolle provisións e todos traballan, agás Frederick, que aparentemente non fai nada. Pero el tamén se aprovisiona: raios de sol, cores, verbas... Cando chega o inverno, comprobamos que o seu labor poético fora imprescindible para que os ratos pasen mellor a crueza da estación invernal. Así, neste conto, Frederick é aceptado como é.

Leo Lionni é un dos pioneiros do moderno álbum ilustrado. Un dos temas do conto é a individualidade, o descubrimento e aceptación da propia identidade. Frederick é poeta e demostra que, á súa maneira, tamén fai unha aportación ao colectivo. Así se nos presenta ao artista non como un ser automarginado, senón como alguén necesario para os demais. Fronte á importancia do traballo, Frederick recorda a necesidade de alimentarse de máis cousas que palla e noces.

A moitos, Frederick pode parecerlles egoísta, pero o egoísmo do protagonista é, sinxelamente, unha fidelidade consigo mesmo. Os seus veciños de madrigueira, lonxe de recriminarlle, déixano meditar, respectan a súa introspección e sinten curiosidade por un mundo que, finalmente, agradecen.

O autor transmítenos a importancia da liberdade individual: os lectores sintense amparados, pois saben que os ratos respectarán a individualidade de Frederick. É como se lles dixese que hai que ser o que un desexa e selo sen temor, posto que os demais o poderán entender.

KALANDRAKA tamén publicou deste autor os álbums titulados "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", "Nadarín", "A casa máis grande do mundo" e a serie "Frederick" de libros de coñecemento do medio.

■ **Temática:** a poesía e a arte

■ **Idade:** dende 4 anos

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil; afirmación da identidade propia, liberdade individual

### LEO LIONNI

(Amsterdam, Holanda, 1910-Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai fora cantante de ópera e o seu tío Piet foi un gran afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. A súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía.

O seu primeiro libro para nenos chegou moitos anos despois, case por casualidade. Durante unha viaxe en tren ocorréuselle entreter os seus netos cun conto feito con anacos de papel de seda. Así xurdiu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo". Foi a primeira de máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén crecía a súa sona de artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: "Dalgún xeito, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia".

